A recuperación da lingua galega: políticas lingüísticas emerxentes

Anxo M. Lorenzo Suárez
Universidade de Vigo

alorenzo@uvigo.es
http://webs.uvigo.es/alorenzo



Índice

- 1. Que entendemos por política lingüística?
- 2. Elementos clave da PL en Galicia
- 3. Fitos actuais da PL en Galicia
- 4. Remate

1. Que entendemos por política lingüística?

- Definición de <u>política lingüística</u>:
  - Conxunto sistemático de accións dirixidas a acadar unha situación lingüística que se considera desexable.
- A política lingüística na tradición da 'normalización lingüística'
- <u>Planificación lingüística</u>:
  - **Intento** realizado por **alguén** para conseguir a modificación da **conduta lingüística** dunha **comunidade** por **algún motivo**.

1. Que entendemos por política lingüística?

- Aposta pola planificación lingüística: disciplina que pon nas mans dos políticos e dos especialistas técnicas, ferramentas e recursos de grande impacto para a xestión dos cambios (socio)lingüísticos
  - É a hora da planificación lingüística en Galicia con todas as súas consecuencias:
    - Programación das actividades.
    - Asesoramento e formación sociolingüística.
    - Pactos e consensos lingüísticos (institucionais e sociais).

2. Elementos clave da PL en Galicia

- O contexto da política lingüística galega:
  - Cambios políticos.
  - Cambios sociolingüísticos.

2. Elementos clave da PL en Galicia

- Cambios políticos
  - Proceso de descentralización política e administrativa do Estado. Instauración do Estado das autonomías e do poder local.
    - Escasa lexitimade social inicial da autonomía e das súas institucións: 71,4% de abstención no referendo do EA en 1981.
    - Consolidación autonómica nos anos noventa.
    - A comunidade autónoma convértese nun referente de poder en Galicia.
  - Evolución do sistema de partidos:
    - Goberno continuo da dereita na Xunta de Galicia (agás un breve período 1988-1989 de goberno 'tripartito') desde 1981 ata 2005.
    - O nacionalismo galego medra e constitúese en goberno ou en alternativa de goberno.
    - Goberno socialista-nacionalista desde 2005.

2. Elementos clave da PL en Galicia

- Cambios sociolingüísticos (1 de 2):
  - Continúa o lento proceso de substitución social do galego polo castelán, que principiara no século XIX.
    - A substitución lingüística acelérase nos anos sesenta e setenta, coincidindo coa aceleración dos cambio socioeconómicos en España e cos máis de trinta anos de invisibilidade pública do galego debido á represión do franquismo.
  - Irrupción dos medios de comunicación audiovisuais en castelán, con altas audiencias.

2. Elementos clave da PL en Galicia

- Cambios sociolingüísticos (2 de 2):
  - Universalización do ensino, incluído o infantil (garderías e escolas infantís), con consecuencias graves na transmisión e na aprendizaxe da lingua inicial.
  - Segue en marcha unha xeira de reivindicación da lingua galega, proceso que tamén comezara no século XIX. No último terzo do século XX intensifícase ese proceso social e comeza unha nova dinámica institucional de recoñecemento, apoio e fomento da lingua galega.
    - Esa dinámica nova, que comeza co Estatuto de Autonomía de 1981, é ben recente e vai ter unha incidencia moi directa nas xeracións máis novas que se socializan a partir das dúas últimas décadas do século pasado.
  - Proceso contemporáneo de estandardización do galego.

3. Fitos actuais da PL en Galicia


- Cronoloxía:
  - 2003: aprobación do cambio normativo.
  - 2004: aprobación do PXNLG.
  - 2005: cambio de goberno; do PPdG ao goberno bipartito PSdG-BNG.
  - 2006: debate lingüístico sobre o novo estatuto de autonomía (en fase de discusión).

3. Fitos actuais da PL en Galicia

- A aprobación do cambio normativo en 2003 supón un avance (cualitativo e cuantitativo) no vello debate sobre como debe configurarse a variedade estándar do galego.
- A situación actual:
  - A normativa lingüística da RAG (2003): maioritaria en todos os sectores.
  - Propostas lusistas: minoritaria.

3. Fitos actuais da PL en Galicia

- Aprobación do PXNLG en 2004.
  - O PXNLG foi aprobado **por unanimidade** no Parlamento de Galicia.
    - Con todo, é un documento que suscita reticiencias en todos os sectores políticos e sociais.
  - É un conxunto de **obxectivos** e de **medidas** que teñen como obxectivo aumentar a presenza social da lingua e os seus usos cotiáns.
  - Quere converterse nun instrumento para cambiar actitudes e comportamentos lingüísticos.



3. Fitos actuais da PL en Galicia

- Estratexias do PXNLG:
  - Oferta positiva
  - Oferta informativa
  - Cortesía

3. Fitos actuais da PL en Galicia

- Ideas-forza (1 de 2):
  - Garantir a posibilidade de vivir en galego a quen así o desexe, sabendo que conta co amparo da lei e das institucións.
    - Oferta positiva e informativa desde a administración.
    - Respecto dos dereitos lingüísticos dos galegófonos.
  - Conseguir para a lingua galega máis funcións sociais e máis espazos de uso, priorizando a súa presenza en sectores estratéxicos.
    - Reforzamento dos usos escritos oficiais en galego.

3. Fitos actuais da PL en Galicia

- Ideas-forza (2 de 2):
  - Introducir na sociedade a oferta positiva de atender o cidadán ou o cliente en galego como norma de cortesía.
  - Promover unha visión afable, moderna e útil da lingua galega que esfarele prexuízos, reforce a súa estima e aumente a súa demanda.
  - Dotar o galego dos recursos lingüísticos e técnicos necesarios que o capaciten para vehicular a vida moderna.
    - Demandar a dispoñibilidade e uso de recursos electrónicos e impresos indispensables para o labor cotiá.

3. Fitos actuais da PL en Galicia

- Os resultados do PXNLG son escasos ata o momento.
  - Motivo: cambio de goberno na Xunta de Galicia en setembro de 2005.
- Non se levou a cabo un verdadeiro desenvolvemento do PXNLG, só unhas poucas accións concretas.
- Que podemos esperar do PXNLG (e que NON)?

3. Fitos actuais da PL en Galicia

- O que falta no PXNLG
  - Priorización: por onde empezar
  - Temporización: establecemento dun horizonte temporal (medio e longo prazo)
  - Axentividade: quen se encarga de poñer en marcha as diferentes medidas do plan
  - Programación: agrupamento das medidas en programas

3. Fitos actuais da PL en Galicia

- Que supuxo o cambio de goberno en 2005?
  - Do PPdG ao goberno bipartito PSdG-BNG.
  - A política lingüística está no pacto de goberno.
    - Transversalidade da acción lingüística.
    - Creación dunha comisión política de seguimento da política lingüística do goberno.
  - A xestión da política lingüística no goberno aumentou de rango oficial: de *dirección xeral* a *secretaría xeral*.
  - Situación da SXPL na consellaría da Presidencia.
  - Agora a política lingüística faise desde a SXPL (en mans do PsdG) e desde outros departamentos da Xunta de Galicia (en mans do BNG).

3. Fitos actuais da PL en Galicia

- Liñas de actuación principais do novo goberno en PL:
  - Sistema de acreditación das competencias en galego de acordo co marco europeo de referencia.
  - Ensino non universitario: potenciación dos ENL.
  - Empresas: convenio marco coa confederación de empresarios de Galicia.
  - Redefinición dos lectorados e dos centros galegos do exterior.
  - Campaña xeral de sensibilización da sociedade galega.
  - Creación dun observatorio da lingua galega (obtención de datos sociolingüísticos e de indicadores para coñecer o estado da lingua galega en xeral e por sectores).
  - Creación do consorcio de planificación lingüística e do consorcio de terminoloxía.

3. Fitos actuais da PL en Galicia

- O debate lingüístico sobre o novo estatuto de autonomía, en fase de discusión durante 2006, está suscitando opinións e posicionamentos políticos diferenciados:
  - A obrigatoriedade de coñecer o galego.

4. Remate

- Retos para a lingua galega e para a política lingüística favorable ao galego
  - En Europa
  - En España
  - En Galicia

4. Remate

- Debemos insistir na planificación lingüística:
  - organización consciente e programada de accións para o cambio lingüístico, con especial incidencia na dinamización lingüística (fomento do uso e sensibilización).

4. Remate

- Tres características que debe ter a PL do novo goberno:
  - Transversalidade.
  - Consensualidade.
  - Coordinación.

4. Remate

- *Transversalidade* na planificación lingüística:
  - Accións conxuntas segundo os temas tratados (por exemplo: ensino, familia e mocidade).

4. Remate

- *Consensualidade* na política lingüística, dentro e fóra da Xunta de Galicia:
  - Deseñar consensos e pactos.
  - Falar e negociar moito fóra do alcance mediático.

4. Remate

- *Coordinación*:
  - Na acción de goberno da Xunta de Galicia, sobre todo entre os socios de goberno).
    - Mocidade, familia, ensino, etc.
  - Na acción entre a Xunta e os concellos.

4. Remate

- Desenvolvemento en profundidade do PXNLG.
- Busca de pactos e consensos arredor da lingua galega:
  - Nivel político: entre os partidos políticos (novo estatuto de autonomía, en proceso de negociación).
  - Nivel institucional:
    - Entre as diferentes administracións (Estado, Xunta e administración local).
    - no goberno da Xunta de Galicia (entre consellerías, etc.)
  - Nivel social: entre entidades socio-culturais, etc.
    - Consello social da lingua galega????